O MARTINETE DE CAABEYRO.
UNHA FORXA HIDRÁULICA EN TRANCE DE DESAPARICIÓN

Alberte Reboreda
Licenciado en Historia da Arte e Máster en Xestión Integral
do Patrimonio Cultural na especialidade de Arqueoloxía

Para a que arrecende a salitre

1.- RESUMO

Na Idade Media foron moitos os mosteiros e señores feudais que se dotaron dunha rede de obradoiros e talleres para dar satisfaccións ás súas necesidades. Caaveiro foi, con toda seguridade, un deles. A proximidade da vila de Pontedeume e a abundancia de materia prima necesaria (auga para a tracción mecánica, mineral de ferro e madeira para a produción de carbón) posibilitaron a construción dunha *ferraría* que, andando o tempo, foi convertida en *martinete*, unha pequena forxa que presumibelmente abasteceu ao mosteiro, ao Conde e á "industria" militar, naval e da construción eumesa. No contexto dos conflitos entre señores civís e relixiosos que tiveron lugar ao longo da Idade Media e Moderna, a explotación da ferraría foi obxecto de disputa permanente entre o Conde da familia dos Andrade e o abade do vello mosteiro de *Calavario*, titular do couto no que esta se erixía.

2.- PALABRAS CHAVE

Mosteiro de Caaveiro; Conde de Andrade; Ferraría; Arqueoloxía industrial.

3.- INTRODUCIÓN

No contexto da realización dunha prospección no concello de Pontedeume atopamos os restos dunha antiga ferraría hidráulica. Delatouna o único elemento construtivo que aínda se conserva na actualidade, un forno de fundición, así como o hidrónimo do regato que permitía accionar o seu barquín. As fontes escritas que aluden a ela son practicamente inexistentes, a penas unhas breves referencias nalgún documento do Tombo de Caaveiro así como en Eugenio Larruga, en concreto nos tomos que dedicou a Galicia a finais do século XVIII que conteñen as súas *Memorias políticas y económicas.*

O presente traballo pretende facer unha aproximación a este antigo martinete, a partir dos seus restos materiais. O estudo da súa localización, configuración, tipoloxía e función permitiran-

nos coñecer un pouco mellor os restos dunha pequena factoría de transformación estreitamente vinculada a un mosteiro e unha vila medieval da comarca do Eume. Esta bisbarra coruñesa, que ocupa unha extensión duns 54.000 Km2, limita ao N coas de Ferrol e Ortegal, ao S coa de Betanzos, ao L coa Terra Cha, e ao W co Océano Atlántico.

Localización do forno das Fragas do Eume no plano hídrico da comarca

O seu principal eixo vertebrador, o mesmo que lle dá nome, é o río Eume, un elemento natural de primeira orde que, despois de ver a primeira luz na Serra do Xistral, serpea por un profundo e vizoso val no que reverdece un dos bosques caducifolios máis extensos e valiosos de Galicia: a Fraga do Eume. Este espazo natural, declarado Parque Natural no ano 1997, abrangue case 10.000 hectáreas de terreo.

O regato da Ferraría

Nun promontorio deste privilexiado bosque de ribeira levantouse, case con toda seguridade no século X, un mosteiro benedictino dedicado a San Xoán. A ocupación a cargo de anacoretas deste pequeno complexo relixioso que chegou a acadar o título de colexiata tivo lugar, de forma ininterrompida, desde a súa fundación até o século XIX, coincidindo coa Desamortización de 1836. Este espectacular conxunto arquitectónico, cicelado en granito románico e barroco, foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC). O mosteiro localízase, desde o punto de vista administrativo, dentro da parroquia de Santiago da Capela, pertencente ao concello da Capela. De camiño a el atoparemos os restos da ferraría que é obxecto do noso traballo.

4.- DE FERREIROS E FERRARÍAS

Para facermos un achegamento ao significado das ferrarías e dos ferreiros na Idade Media é de utilidade glosar brevemente a presenza destes nomes na onomástica actual.

O étimo latino do que procede o apelido Ferreiro é *Ferrarium* e alude ao nome dun oficio que se ocupou durante séculos de reducir, fundir, estirar e forxar o ferro, facendo ou amañando instrumentos dese material.

Sabemos grazas ao profesor Gonzalo Navaza que o apelido Ferreiro é un dos máis populares e estendidos na Europa toda. O *Ferrariu* era o artesán do Imperio Romano e da Idade Media máis requirido. Representa un dos oficios artesanais exercidos con máis profusión e por iso mesmo, o sobrenome derivado dunha profesión máis difundido en Galicia (*Ferreiro*[1]), Catalunya (*Ferrer*), Castela (*Herrero*), Italia (*Ferraro* e *Ferrari*) ou Reino Unido (*Smith*). Como apelido apelativo dunha profesión a forma lingüística *Ferrarius* xa existía desde o comezo do Imperio Romano. O tránsito de cognome a sobrenome é unha pasaxe gradual que se fixa, segundo os especialistas, entre os séculos VI e VIII. O paso da forma latina *Ferrariu* para a galega *Ferreiro* verifícase nos séculos IX e X.

Nestes casos os toponímicos teñen orixe nos nomes das persoas. Isto quere dicir que os lugares chamados Ferreiro, Mazo, Ferrería, Martinete, Ferreira ou Ferreiros seríano debido, ben á presenza deste mineral, ben á existencia dalgún ferreiro ou ferraría. Resulta moi ilustrativo a con-

Mazo dunha ferraría situada na comarca de Sarria

1. Este apelido ocupa o lugar trixésimo quinto entre os máis utilizados de Galicia.



Fonte: Fernández Merayo (1991)

centración de topónimos como O Mazo ou A Ferraría no NE do País (Becerreá, O Incio, Mondoñedo, Ortigueira, Samos, Valdoviño, Cervantes, A Fonsagrada, Riotorto...), en especial no contorno do val do Eo e as serras orientais de Galicia.

O apelido *Ferreiro* xurdiu, con toda seguridade, despois de ter introducido o oficio especialistas de orixe vasca[2]. Aínda hoxe nas comarcas da Coruña e Ferrol é significativa a presenza de apelidos como Chavarría, Legazpi, Aguirre e, en menor medida, Azcárate.

5.- O OFICIO DE FERREIRO

O ferreiro desenvolveu historicamente o seu oficio elaborando lingotes ou vergallóns que con posterioridade darían lugar a obxectos de todo tipo e instrumentos de traballo. Entre eles atopamos unha ampla gama de obxectos de ferro necesarios en distintos sectores e especialidades como:

A Construción: abranguía a edificación civil (vivendas, pontes, murallas, torres...) e relixiosa (capelas, mosteiros, igrexas...). Deste xeito o ferreiro subministraba tanto a albaneis como a carpinteiros toda caste de instrumentos de traballo: culleres, chumbadas, regras, serrouchos, marte-

2. Voces como aroza, aldabarra ou agoa teñen unha clara orixe vasca. (Abraira Pérez, Bartolomé Abraira e Pol Fernández; 2006).

los, marras, palustras, cepillos de frisar, niveis, etc. A produción completábase con cravos, cadeas, argolas, aldrabas, bisagras, porlóns, gonzos, martelos, trades, serras, machados, balaústres, pechaduras, grampas, punteiros, etc...

O Mar: construción de embarcacións tradicionais e de apeiros para pescar e mariscar tales como: ferraxes, áncoras, cravos, gadaños, raños, sachos, cavadores, coitelos, ganchos, rapas, angazos, tangas...

O Agro: rodicios de muíños, rodas de carros, todo tipo de apeiros de labranza (arados, grades, sachadoras, sachos, aixadas, legóns, picañas, picarañas, fouces, fouciños, gadañas, podóns, aros de barril, angazos, forcadas, espalladeiras, soltas para o gando, etc...)

Todos estes materiais indícannos que o ferreiro desempeñou, nos últimos dez séculos aproximadamente, un traballo de auténtico especialista xa que esixía precisión e destreza na forxa do duro ferro. Así o proba a confección de todo tipo de ferramentas que eran de indispensábel uso para outros artesáns.

5.1. A Idade Media

A partir do século IX aparecen en Galicia as vilas, centros residenciais arredor dos que gravitan vilares e casais, un novo paradigma do hábitat disperso que caracteriza a ocupación do territorio no noso País desde a prehistoria. O fenómeno urbano medieval irrompe de forma modesta a comezos do XIII da man dos reis e das institucións eclesiásticas (monxes franciscanos, dominicos...), como evidencia o caso de Pontedeume[3], pero esta época caracterízase fundamentalmente pola fixación de poboación no rural, concentrando o poder -os dominios e xurisdicións das terras- en poucas mans. O arroteo de terreos forestais, o crecemento da poboación rural, a intensificación da agricultura e os cultivos de horta e a mellora das condicións técnicas no traballo do agro (barbeito con rotación trienal, introdución do vesadoiro, aparición de aceas e ferrarías...) explican as razóns deste proceso demográfico e socioeconómico.

Neste contexto os ferreiros vascos, pioneiros na explotación e transformación do ferro na Península Ibérica desde o medievo, chegan a Galicia para asentarse en todo o norte do noso País, especialmente na zona leste. Moi cedo pasan a estabelecerse en dous ámbitos claramente diferenciados: o rural e o urbano, este último precario e incipiente naquela altura. No rural os ferreiros ocúpanse da redución e fundición do mineral e da súa transformación, labor para o que resulta necesario grandes cantidades de madeira e auga canalizada, amén de minas onde obter a materia prima.

3. "O 30 de decembro de 1270 Afonso X concede a unha serie de freguesías de Pruzos e Bezoucos unha carta de privilexio para poboar o lugar de Pontedeume; isto supón a aparición dunha vila e un concello, con foros e autoridade recoñecida nun alfoz que delimita. A aparición da vila débese inscribir no contexto da política desenvolvida pola monarquía para arbitrar un sistema máis eficaz de xustiza nos territorios baixo xurisdicción real; pero ademais a situación xeográfica de Pontedeume vén imposta polas condicións naturais". Amado del Palacio; *Pontedeume. Guía visual.* Ed. Concello de Pontedeume. A Coruña (2000)

Nos burgos e vilas muradas, onde o espazo dispoñíbel e os recursos –nomeadamente a auga canalizada– que require o proceso completo de fundición é máis limitado, o ferreiro atende unicamente á forxa, transformando as láminas, tiras ou vergallóns de ferro que previamente fundía o ferreiro rural nos útiles e apeiros que este mercado demandaba. O ferreiro urbano intégrase con rapidez na rede gremial dos burgos, asociándose e acadando un status elevado en canto que enxeñeiros do cotián, fornecedores de obxectos prácticos e perdurábeis que arraigarán fortemente naquela sociedade.

A figura do ferreiro é de suma importancia en toda a Idade Media, cando pasa a producir, entre ou-tros, útiles para a guerra (armaduras, coirazas, helmos, grades, barras de todo tipo...), bens de consumo (chaves, aros, rodas, ferramentas...), obxectos de adorno persoal e obxectos de decoración de interiores. A figura do ferreiro artesán sempre requirido só chegará a coñecer o seu declíneo coa chegada da industrialización, no final do século XIX[4]. Explícase así que, na Idade Media, o nome familiar *Ferreiro* en Galicia e no conxunto de Europa sexa amplamente difundido.

Nos últimos dez séculos, xa que logo, a profesión de ferreiro foi unha das máis exercidas e rendibles, habida conta da grande demanda de ferramentas e utensilios necesarios para os usos cotiáns máis variados. O ferreiro era chamado para fornecer os seus inventos, creacións, obxectos, utensilios e ferramentas en todas as áreas. Moi requirido en tempos de guerra, non menos en tempos de paz, era unha das figuras centrais da sociedade preindustrial, cando a produción dependía directamente dos artesáns. Xa que logo, facíase necesario e presente na cidade e no campo, na agricultura[5] e na pecuaria, na caza e na pesca, no traballo e no deporte, nas igrexas, na cociña, na medicina, na alquimia, nas prisións, no transporte, na construción, en fin, en todo local no que se exercía algunha actividade humana.

En boa lóxica con isto que dicimos, nos mosteiros as cousas non acontecían de forma moi diferente. As abadías configurábanse como un "*complexo cercado, delimitado espacialmente con toda claridade*" (...) "*cabeceira dun espazo acoutado (...) no que os monarcas delegan boa parte do seu poder público, mesmo xurisdicional, en beneficio dos monxes. Couto tamén físico, sinalado por un conxunto de signos, mouteiras, ben visibles, onde, por veces, non faltan como referencias topográficas monumentos prehistóricos como mámoas*" (Andrade Cernadas; 1995).

Xa antes da súa existencia, no momento de levar a cabo a súa construción, os ferreiros foron uns profesionais imprescindibles[6]. A enorme magnitude dos edificios monásticos mobilizou a centenares de traballadores, operarios e especialistas durante séculos, formando auténticas cuadrillas itinerantes que pululaban de obra en obra durante longas tempadas. Así o proban documentos como os referidos ao mosteiro de Sobrado, cabeza dun couto ao que deben contribuír "*fer-*

4. Na primeira metade do século XX, cando Xaquín Lourenzo escribe *Os Oficios*, o ferreiro en Galicia tiña como principal ocupación, xa non a produción en serie de útiles de ferro, senón a súa reparación.

5. Como exemplo disto que dicimos, o mosteiro de Sobrado posuía a finais do século XIII un total de tres (3) *avessadoyros* ou arados provistos de abeaças ou orelleiras que permitían remover a terra de forma máis efectiva e menos laboriosa que os arados romanos. Para a consecución de utensilios como este era imprescindíbel a participación dos ferreiros.

6. Xa que logo é posíbel que a data de construción da ferraría de Caaveiro coincidise coa da fundación do mosteiro.

reiros, canteiros, carpinteiros, vidreiros, a aparición e abundante número dos cales hai que poñer en relación coas construcións que o mosteiro está levando a cabo tanto na casa central como nas granxas" (Pallares Méndez; 1979).

Ao longo da Idade Media existía un número relativamente alto de mosteiros e abadías, todos eles cun escaso número de monxes e monxas. Esta situación deu lugar a congregacións con limitados recursos humanos e materiais que non permitían o traballo directo a diario de homes e mulleres leigos ao seu servizo. Adoito aparece na documentación a existencia de distintos mosteiros compostos por doce monxes, número moi frecuente nas fundacións ou restauracións (Andrade Cernadas; 1995).

Pero neste contexto tamén atopamos mosteiros ben dimensionados e con recursos de todo tipo que dispuñan dunha considerábel nómina de servos e dunha relevante especialización profesional. O caso da abadía de Cluny nos séculos X e XI, ilustra un dos casos máis notables, con arredor de 70 monxes titulares. Con todo Cluny é unha excepción e, no caso de Galicia, ao igual que na totalidade de Europa, cabe supoñer que os mosteiros mellor dotados posuían arredor de 50 efectivos[7]. Xa que logo cabe deducir que as abadías máis modestas, a inmensa maioría das galegas como esta de Caaveiro, tiñan no momento da súa fundación unha ducia de monxes[8]. Lamentablemente carecemos de documentación que nos indique se algún deles ocupaba as horas destinadas ao *opus manuum* a traballar na ferraría.

Pero nos mosteiros e o seu contorno non só viven monxes. Un significativo número de traballadores e oficiais aparecen con frecuencia "*vencellados ás casas como confesos ou leigos, pero, noutras ocasións, eran simples asalariados ou mesmo servos, residentes no recinto monástico ou, cando non, en moi estreito vínculo co propio entorno físico do mosteiro*" (Andrade Cernadas; 1995). Unha parte da documentación que conservamos procedente dos mosteiros galegos permítenos coñecer a ocupación diaria dos frades, profesionais do rezo, pero conscientes –como os monxes bieitos- de que "*a ociosidade é inimiga da ánima*" (RB, 48). Así entre as profesións vinculadas á comunidade monástica atopamos: *petrarium* (pedreiro)*, coquinarius* (cociñeiro)*, carcerarius* (carceleiro)*, pistoribus* (muiñeiro)*, carpentarii* (carpinteiro)*, pelitario* (peleteiro)*, textor* (tecelán)*, funarius* (panadeiro ou encargado do forno) e, como non, *ferrarius* (ferreiro). Todas estas *opus manuum* buscaban arredar ao monxe da ociosidade improdutiva que condena expresamente o coñecido *ora et labora* da regra bieita. Mais, tal e como estudaron os medievalistas galegos máis destacados que vimos citando, caeriamos nun erro se pensásemos que existía un equilibrio entre a ocupación espiritual e manual. Ben ao contrario, o primeiro, andando o tempo, foi gañando espazo de forma paulatina sobre o segundo até reducilo a unha dedicación simplemente testemuñal.

Con todo está comprobado que existía unha notábel diferenza entre os monxes sacerdotes e os conversos. Malia compartir os mesmos votos, os segundos mortificaban dalgunha maneira os

7. No caso dos mosteiros galegos, e fóra os devanditos monumentos de fundación-restauración, carecemos case por completo de datos concretos sobre o número de monxes que neles residían. (Andrade Cernadas; 1995).

8. O Catastro do Marqués da Ensenada tamén cuantifica en "doze o treze religiosos" o número de frades que ocupaban o Mosteiro de San Agostiño a mediados do século XVIII.

Ferreiros medievais traballando nunha fragua

seus erros pretéritos por medio do traballo manual, dedicándose en maior medida a este. Os primeiros, pola contra, centraban a súa actividade nas tarefas estritamente espirituais. O traballo agrario era un dos ámbitos nos que se verificaba máis nidiamente esta dualidade. Mentres que os sacerdotes coidaban da horta, achegando á comunidade plantas e cultivos que esixían minuciosos coidados –as plantas medicinais por exemplo- os conversos acudían a traballar os campos, leiras e granxas que eran propiedade dos mosteiros, de aí que recibisen o preclaro nome de *frades lavradores*. No caso de Caaveiro, a súa situación arredada e illada respecto dos campos de labor máis aptos para o cultivo fan moi improbábel esta dedicación directa.

O coñecemento da lecto-escritura, xunto co intercambio de libros e coñecementos entre os monxes dos distintos mosteiros favoreceu o avance e popularización de todo tipo de técnicas manuais, entre elas as relativas ao oficio dos ferreiros, que esixían un elevado nivel de formación. Debemos lembrar que dos ferreiros dependía non só a elaboración de todo tipo de útiles e apeiros, senón mesmo da conversión do mineral en ferro nunha lámina dúctil e moldeábel de múltiples e variadísimos usos.

Cravos e grampas elaborados nunha forxa tradicional. A industria da cravazón era a especialidade da forxa de Caaveiro

É coñecida a dualidade entre os monxes brancos (cistercienses) e monxes negros (bieitos) respecto da diferente participación de ambos na actividade mercantil urbana e vilega. Tal e como teñen estudado varios autores, os benedictinos exercían unha práctica comercial dos seus excedentes inferior á dos monxes brancos por mor da inercia ruralizante na que naceron como orde. Isto fainos pensar que os bieitos de Caaveiro, no caso de ter explotado a ferraría que se levantou dentro do seu couto, puxeron no mercado urbano (Betanzos e Pontedeume fundamentalmente, pero posiblemente tamén A Coruña) unha pequena parte dos seus excedentes non antes do século XII, momento no que se consolida o cenobio e irrompe con certa forza a vida urbana en Galicia.

Para comprender mellor cómo puido ser este intercambio en canto a volume económico, así como as razóns que deron lugar á construción da ferraría de Caaveiro, non podemos deixar de ter presente que os mosteiros medievais naceron coa vocación de seren entidades economicamente autosuficientes, tal e como apuntan de forma unánime todos os autores. Esta calidade era especialmente notoria entre os monxes bieitos, que se implantaron moi cedo no medio rural[9], o que os obri-

9. Recordemos que o mosteiro de Caaveiro foi fundado no século VIII segundo a documentación dispoñible.

gaba a autoabastecerse da práctica totalidade dos produtos que necesitaban. A construción dos muíños hidráulicos para a moenda de gran que se sitúan nos regatos que, dentro da Fraga, desembocan no río Eume, respondería á mesma lóxica. De seren os monxes de Caaveiro os que traballaban de forma directa a ferraría, a súa Regra impuña que ao longo dos meses de verán o traballo manual ocupase desde o remate da prima até a cuarta (entre as 6 h e as 9 h aproximadamente). Ao longo das mañás de inverno esta ocupación iría de terza (9 da mañá) a nona (13:30 ou 14). Polo serán o *opus manuum* debería ter lugar entre a nona e vésperas (de 15 a 18 h.)

Con todo "*pódese, xa que logo, deducir que no entorno máis próximo dalgunhas das nosas abadías existían grupos de persoas, non necesariamente vinculadas co mundo monástico propiamente dito, dedicadas a labores de carácter produtivo, especialmente artesanal, que virían completar o panorama dun mundo monástico non exclusivamente monacal*" (Andrade Cernadas; 1995).

5.1.1 Conflitos entre o señorío civil e relixioso

O Tombo de Caaveiro, que coñecemos parcialmente grazas á exhumación realizada por Fernández de Viana y Vieites, González Balasch e Pablos Ramírez[10], achéganos unha información valiosísima para coñecer os conflitos que mantiveron os monxes benedictinos de Caaveiro co Conde don Fernando Pérez de Andrade ao longo do século XIII.

Unha parte deste prezado cartafol fai referencia a distintos mandatos reais que confirman a Caaveiro a "*libre e pacífica posesión dos seus coutos e igrexas e serventías e prohibe que lle fagan violencia algunha*", como é o caso do dictado polo rei Fernando III[11] no ano 1232. O mesmo fixera anos antes Afonso IX, concretamente no 1214. Neste último documento[12] volve chamar poderosamente a atención o fincapé real na "*libre e quieta posesión dos seus coutos*", así como na prohibición de "*que se lle faga violencia algunha*", o que evidencia continuas invasións violentas do couto administrado polos relixiosos.

Debemos recordar que o directo dominio do mosteiro empezou a conformarse a partir do século X, abranguendo a área inmediata ao mosteiro (vilas de Caaveiro, A Capela e Teixido). Andando o tempo ampliou as súas terras cara Bezoucos (ao N do Eume), Pruzos (ao S do río) e Trasancos (na península ferrolán), para máis tarde alcanzar as terras vilalbesas de Montenegro e Entrambasaguas. Pero para o que aquí interesa cinguirémonos estritamente ao terreo do couto. Este nace da concesión de Afonso VII[13], que permite aos relixiosos empezar a gozar dos dereitos inherentes ao acoutamento. As terras que conformaban este "*son as que bordean o Eume preto da súa*

10. *El Tumbo de Caaveiro* (2ª Parte). Revista Cátedra nº 4. Pontedeume. 1997. Fernández de Viana y Vieites, González Balasch e Pablos Ramírez. Doc. Nº 272.

11. *El Tumbo de Caaveiro* (1ª Parte). Revista Cátedra nº 3. Pontedeume. 1996. González Balasch e Pablos Ramírez. Doc. Nº 5.

12. Idem anterior. Doc. Nº 4.

13. Revista Cátedra nº 3. Pontedeume.1996

Imaxe dunha ferraría rural galega datada na Idade Moderna

desembocadura. O couto é, en grande parte, o canón profundo formado polas augas do río" (Yáñez Cifuentes; 1996).

Pero a sanción real deste dominio non significa, na práctica, a súa explotación exclusiva e pacífica. Así nolo indica, entre outros autores, Couceiro Freijomil (1944) que nos informa da ambición de Fernán Pérez de Andrade *O Boo*, quen "*sen outra razón que a da forza apoderouse dos coutos, granxas e bens de varios mosteiros, acelerando a súa ruína*". Sobrado, Bergondo ou Caaveiro foron, xa que logo, os principais prexudicados[14], chegando incluso a facerse cargo de igrexas e casas relixiosas. A celebrada paixón construtiva de *O Boo* ou "*mal de pedra*", en palabras de Martínez Barbeito (1978), parecen xustificar, en perspectiva histórica, a invasión e usufructo de dominios alleos, sen os que dificilmente sería posíbel a realización das numerosas obras de interese público que promoveu, en especial os hospitais ou a ponte sobre o Eume, pero tamén a tradución ao galego da Crónica Troiana por poñer outro exemplo menos popular. Neste rosario de invasións e incautacións violentas insistiron os seus descendentes, algún deles, como é sabido, sen o mesmo loábel propósito que don Fernán.

Nesta conflitiva convivencia entre o señorío civil e relixioso, ou o que é o mesmo, entre Andrades e monxes, abonda López Sangil[15] (2002) cando estudia os pormenores da *encomenda*,

14. Cómpre recordar que o castelo de Nogueirosa, erixido na Pena do Leboreiro, tamén foi erixido, contra a vontade dos frades, en terreos que pertencían ao mosteiro de Sobrado.

15. Revista Cátedra nº 9. Pontedeume.2002

Imaxe do castelo de Nogueirosa. Os Andrade explotaron a ferraría das Fragas do Eume.

causa de conflito permanente entre encomendeiros e encomendados. "*Na realidade as encomendas convertéronse por parte dos señores nunha continua extorsión aos mosteiros, apoderamento das súas rendas e bens, que no caso dos Andrade non foi unha excepción. O sistema levou á ruína á maior parte das abadías bieitas e cistercienses*".

Dito isto ten sentido volver ao último dos documentos compilados no Tombo de Caaveiro, que leva por nome *"Inventario dos bens de Caaveiro que ten indebidamente do mosteiro o conde don Fernando de Andrade. Esta es la haçienda que lieva el conde do Fernando del tiempo que sus anteçesores tuvieron en encomienda el monasterio de San Joan de Cabeyro, y desde entonçes hasta agora la tienen osurpada. Fue sacada de este tumbo".* A continuación cita unha trintena de usurpacións de bens por parte do señor de Andrade, todos eles situados dentro do couto do mosteiro. Estamos no século XIII[16] e unha desas usurpacións, concretamente a que suma o número 29, refírese a "*el canero*[17] *i la herrería en el río de Eume, dentro de los términos de dicho coto*".

Velaquí un dato capital para entender a cuestión da titularidade da ferraría do Eume. Este pequeno complexo fabril dispúñase dentro do couto relixioso concedido polo Rei ao mosteiro, pero

16. O documento ao que nos referimos figura como s.d. (sen data) polo que deducimos que a súa datación coincide co dos demais.

17. Os caneiros son uns muretes de escasa altura que se construían dentro do leito dos ríos co obxecto de propiciar a pesca de distintas especies. Este tipo de construción levantábase de forma perpendicular ao leito, case sempre partindo desde as dúas beiras do río até atoparse no seu centro. Os caneiros embalsaban levemente a auga, facilitando a concentración de peixe así como a súa visibilidade e captura a cargo dos pescadores.

o poder das armas é máis forte que o das oracións, e o Conde acaba facéndose coa titularidade dos bens que pretende no ámbito da súa influencia militar *de facto*, con independencia da súa localización e dominio *de iure*. Neste contexto a posesión dunha ferraría sería capital e estratéxica para o Conde, que necesitaría da fundición de mineral para a fabricación de armaduras, espadas, helmos, cascos, ferraduras, coitelos, acicates, frechas, lanzas, coirazas, etc...

5.2. A Idade Moderna

Na Idade Moderna as cousas non cambiarán demasiado. As vilas e cidades medievais consolídanse como nodos reitores do Reino de Galicia no que ao comercio se refire, especialmente relevante ao longo de todo o litoral. Estas aumentarán progresivamente a súa poboación e a súa área de influencia económica en detrimento do rural que, malia todo, mantén o seu liderado demográfico. Todas as vilas e urbes, en particular as mariñeiras, medran grazas aos beneficios do comercio e da pesca tal e como evidencia o crecemento poboacional experimentado polo noso País no século XVIII. Con todo o 90% da poboación segue vivindo no rural sometida a señoríos eclesiásticos, leigos e reguengos, agora coa presenza dunha nova figura improdutiva, a do fidalgo intermediario. No campo da industria constátase unha decadencia da artesanía téxtil rural e das ferrarías tradicionais, o que contrasta co medre do artesanado e os curtidoiros.

Non obstante a figura do ferreiro segue a ser respectada e admirada. El é o artista que modifica o mineral de ferro, extraído das entrañas da terra; é o que transforma a materia bruta en utensilios que multiplican as habilidades do ser humano para interactuar no medio no que vive; é un creador que elabora as súas obras a partir do lume e co lume. Traballa con forzas telúricas, enerxías case indómitas da natureza. A forxa é un lugar case máxico que pode significar a unión cos segredos do Creador, o mito supremo omnisciente e todopoderoso do Medievo e da Idade Moderna, ou mesmo cos poderes do demo.

A partir do século XVI a tecnoloxía dá un paso adiante coa difusión dos mazos accionados pola forza motriz da auga, que reducen considerablemente o esforzo físico destes profesionais, ao tempo que multiplican o rendemento do seu traballo. É o momento da construción das grandes ferrarías do NE de Galicia, que dan traballo a un bo número de persoas que traballan para satisfacer a demanda provocada polo espectacular ascenso demográfico ao que antes nos referiamos.

Pero volvamos á figura do ferreiro. Este fabrica utensilios para facilitar a vida e armas para matar. É unha figura ambivalente de dominio e de poder, dirixidos para o ben ou para o mal. Posúe a arte de manipular un metal co lume, ambos os dous con orixe nas entrañas da terra. É o símbolo do poder benéfico e maléfico; xa que logo era considerado un bruxo por saber converter en útiles necesarios para a vida un mineral amorfo a través do lume, dándolle unha forma estética ao seu gusto.

Na Baixa Idade Media e toda a Idade Moderna o ferreiro consolídase como profesional recoñecido e valorado que obtén uns ingresos notables, quizais os máis elevados de entre o conxunto de artesáns vilegos a xulgar polo lugar que ocupan os seus obradoiros dentro das cidades

Ilustración dunha ferraría da Idade Moderna segundo a Enciclopedia de Diderot e D´Alembert

muradas, caso de Pontedeume, como xa vimos. A documentación da que dispoñemos tamén nos fala do seu elevado nivel adquisitivo. Vexamos algúns exemplos:

No ano 1379[18] Don García Fernández, prior, e o convento de Caaveiro aforan a Fernando Martínez, ferreiro, morador en Lugo, á súa dona María Afonso e aos seus fillos lexítimos varóns unha casa en Lugo. Máis tarde, no ano 1401[19], Fernando Afonso Puga, ferreiro, vende aos cóengos de Caaveiro Alfonso Yáñez e Fernando Pérez, a medias, unha herdade en Riocovo, freguesía de Santo Estevo de Irís, por oitocentos marabedís, coa carga de pagar perpetuamente oitenta soldos ao ano, a metade ao reitor da igrexa de Santiago de Pontedeume e a outra á obra da ponte.

O oficio de ferreiro é expresamente citado no encabezamento dos documentos notariais. Isto quérenos dicir que o artesán do ferro estaba orgulloso da súa profesión, seguramente por mor da súa alta rendibilidade e recoñecemento social. Outro tanto acontece con outras profesións de prestixio, as máis delas vinculadas definitivamente ao ámbito urbano a partir deste momento: determinados sacerdotes e frades, mercadores, alfaiates, xastres, torneiros, prateiros, etc... non así con outros oficios, caso dos eminentemente rurais: labradores, teceláns...

Sen dúbida un dos documentos máis prezados deste momento histórico á hora de rastrexar a ferraría de Caaveiro e o papel dos ferreiros en Pontedeume é o Catastro do Marqués da Ensenada. Seguimos para este fin o traballo de Daviña Sáinz[20], que transcribiu a resposta ás preguntas realizadas no ámbito da xurisdición da vila eumesa entre os anos 1750 e 1753. Os resultados amosan que nas parroquias de Boebre, Nogueirosa e Vilar o Interrogatorio computa a existencia de un **ferreiro** en cada unha delas que gaña ao día cinco (5) reais, o que os converte no profesional cualificado que máis ingresos obtén polo seu traballo, a moita distancia dos **xastres** (3 reais), das **tecedoras** (real e cuartillo) e das **costureiras** (real e medio). A media estimativa complétase cos ingresos dos **carpinteiros** (que perciben 4 reais diarios na freguesía de Ombre) e os **xornaleiros** (2 reais). Os **toneleiros** de pipas de Nogueirosa gañaban 4 reais diarios traballando só 15 días ao mes. Os **curtidores** e **zapateiros**, **taberneiros** e **estanqueiros** cuantifican os seus ingresos anualmente.

No momento de abordar a pregunta nº 17, a que interpela sobre a existencia de minas, saíñas, muíños fariñeiros ou de papel, batáns ou outros artefactos "*distinguiendo de qué metales y de qué uso, explicando sus dueños y lo que se regula y produce cada uno de utilidad al año*", os informantes unicamente citan a existencia de muíños, que cuantifican nun total de 28 no conxunto do termo. Ninguén fai referencia á existencia da ferraría ou martinete de Caaveiro, malia que cando

18. *Pergamiños soltos do Mosteiro de Caaveiro*. Revista Cátedra nº 9. Pontedeume. 2002. Fernández de Viana y Vieites e González Balasch. Doc. Nº 35.

19. *Pergamiños soltos do Mosteiro de Caaveiro*. Revista Cátedra nº 9. Pontedeume. 2002. Fernández de Viana y Vieites e González Balasch. Doc. Nº 40.

20. *Las parroquias de la jurisdicción de la villa de Pontedeume a través del interrogatorio del Catastro de Ensenada*. Revista Cátedra nº 9. Pontedeume. 2002.



Táboa de artesáns cualificados en Pontedeume segundo o Catastro de Ensenada

se aborda o censo de muíños se computan os levantados á beira do "*arroyo de la Herrería*", na parroquia de Ombre, que utiliza este mesmo regato para fixar os seus límites xurisdicionais polo E "*de la Fuente de la Herrería cojiendo el corriente del agua hasta el río Eume, y por ésta arriba a la primera demarcación*". En resposta á pregunta nº 21 nesta mesma parroquia, que aborda o "*Número de vezinos con distinción de clase*", o Interrogatorio tampouco revela a existencia de ningún ferreiro. Noutra publicación posterior, a Geografia del Reino de Galicia de Carreras y Candi (1980), Carré Aldao omite de novo referencia algunha á ferraría, se ben recolle as aptitudes forestais da parroquia civil de Ombre cando afirma "*é abondosa en arborado, especialmente nas marxes do río. Explótase a madeira*".

No que atinxe á freguesía limítrofe con Ombre, Taboada[21], as fontes consultadas tampouco ofrecen ningún dato ao respecto. Unicamente o Madoz volve recordar unha obviedade, que as ribeiras do Eume están coroadas por "*arbolado de roble*", o que propicia unha forma de comercio consistente en "*cortar y conducir leña en haces y carros á Puentedeume*". Ao igual que acontecía en Ombre a madeira das carballeiras do Eume volve evidenciar a explotación sistemática deste produto, unha das materias primas fundamentais que explica a localización da ferraría que estudamos nestas páxinas. Pola súa parte Carré Aldao omite de novo calquera referencia a unha ferraría, se ben volve destacar a importancia do recurso madeirable: "*abundosa en leña de toxo y arbolado, especialmente robledal*", imprescindíbel para a consecución posterior do carbón vexetal que ha fundir o mineral férrico. A elaboración deste tipo de carbón, segundo recolle o mesmo autor nos traballos que lle dedica á provincia coruñesa, é tamén unha constante nas parroquias e aldeas englobadas dentro da Fraga do Eume: "*se fabrica carbón vegetal en todas las feligresías*", escribe o noso autor, por poñer só un exemplo, para o caso do concello que acolle o mosteiro de Caaveiro (A Capela).

21. Esta parroquia pertence na actualidade ao Concello de Monfero.

6.- O MARTINETE DE CAABEYRO

Por ferraría entendemos aquela instalación ou construción na que se realizaba a redución do mineral de ferro aínda que, en Galicia, os paisanos tamén utilizaron historicamente este termo para designar á forxa, o lugar no que se transforman os vergallóns en distintos útiles.

Para levar a cabo este proceso de redución do mineral, que é o que tiña lugar na ferraría de Caaveiro, era imprescindíbel contar cun forno de grandes dimensións no que tiña lugar a combustión do carbón vexetal, que se alternaba con capas de mineral. O lume permanecía vivo grazas a un barquín ou fol que tiña encomendado mantelo vivo permanentemente durante moitas horas. O barquín era accionado, nun principio, coas mans ou cos pés[22], mais andando o tempo a enxeñaría mecánica fixo posíbel o seu funcionamento propulsado pola forza da auga, de aí a instalación deste tipo de fornos á beira de ríos e regatos, como é o caso do da Fraga do Eume que nos ocupa. Vexamos qué era o que saía do forno:

> "O resultado da redución era sempre o dunha especie de masa esponxosa coñecida como zamarra, que logo era preciso quentar e someter a un contundente golpeo para, por unha parte, lograr separar as escoiras e, pola outra, conferirlle un formato máis ou menos uniforme e manexábel ao metal resultante, a modo de tiras ou vergallóns. Esta operación tiña lugar na propia ferraría, coa mesma auga que servía para xerar as correntes de aire, e só podía ser realizada por unha gran fe-rramenta: un mazo. A idoneidade deste enxeño para o estirado do metal acabaría por xustificar a súa construción de maneira independente e, durante séculos, ferrarías e mazos conviviron nas mesmas zonas con fins semellantes aínda que diferentes. Aquelas para reducir antes de poder estirar, e estes para estirar antes de poder forxar, razón pola cal xa non precisaban da gran cantidade de traballadores e recursos propios das ferrarías e eran sempre empregados polos propios ferreiros" (Abraira Pérez, Bartolomé Abraira e Pol Fernández; 2006).



Imaxe 10. Sección dun forno de fundición de mineral de ferro. Debuxo do autor.

22. Namentres estivo en vigor este modelo tecnolóxico os fornos construíanse no outeiro dos montes, a fin de que a súa exposición aos ventos dominantes axudasen a manter vivo o lume. Coa implantación do novo proceso mecánico baseado na forza motriz da auga os fornos pasaron a levantarse, como é lóxico, á beira dos cursos fluviais.

Concellos do NE de Galicia nos que se documentou a existencia de ferrarías.

No que se refire á cronoloxía deste forno de Caaveiro, é posíbel que a súa construción e funcionamento tivese lugar, como xa apuntamos, na Baixa Idade Media, coincidindo coa erección ou primeira etapa de esplendor do cenobio eumés. O seu abandono dataríase ao longo da primeira parte da Idade Moderna. Esta hipótese, que debería contrastarse a través de estudios máis profundos que o que aquí presentamos ten base, para fixar a súa orixe, nas datas nas que se implanta a fundición de mineral en Galicia coa técnica medieval que vimos de describir. Para datar o seu ocaso baseámonos na omisión ou mención que del fan os distintos textos consultados datábeis nos tres últimos séculos: o Catastro do Marqués de la Ensenada, elaborado a mediados do século XVIII, a obra do economista Eugenio Larruga[23] (1791), o Diccionario de Madoz de 1849, a Geografía del Reino de Galicia de 1931 e, por suposto, a *Historia de Puentedeume y su comarca* de Couceiro Freijomil (1944).

23. Esta obra tivo tal importancia na súa época que en maio de 1789 El- Rei decidiu asignar a Larruga 3.000 *reales de vellón* por cada un dos tomos que publicase. Desafortunadamente a súa obra ficou incompleta ao tratar o Reino de Galicia, a pouco de dar a luz o tomo 45, no ano 1800. O conxunto da obra constaría de tres partes que conformarían un conxunto coherente que abranguería todo o reino. A primeira serie ocuparíase das manufacturas, das institucións e tribunais. A segunda serie, fuxindo da formulación provincial, decantaríase pola análise xeral, optando polo estudio do comercio e as súas derivacións. A terceira, por último, ocuparíase da administración xeral do comercio. Larruga pretendía radiografar o estado dos principais sectores económicos do Estado. A súa análise tería unha dimensión eminentemente práctica. Por desgraza o seu traballo non pasou da primeira serie, que aínda así quedou incompleta, ao publicarse só os tomos correspondentes ás dúas Castelas, Estremadura e Galicia. Se para esta primeira serie empregou 45 tomos, sería impensábel cantos necesitaría para completar a totalidade da empresa inicial.

Larruga, estreito colaborador do Ministro Godoy, foi nomeado no ano 1797 secretario da Dirección de *Fomento General del Reino*, que tiña como tarefa principal formular e controlar os extensos interrogatorios do Censo de 1797, que recibe indistintamente o nome *Censo de Godoy ou Censo de Larruga.*



Localización do forno nunha imaxe tridimensional da bacía hidrográfica do Eume e un dos seus afluentes: o Regato da Ferraría. Sombreado represéntase o contorno de protección do ben catalogado no PXOM.

O que Larruga e nós denominamos Martinete de Caaveiro localizouse no corazón da Fraga do Eume, xustamente na desembocadura do Regato da Ferraría, un pequeno curso fluvial que fai de límite natural entre os concellos de Pontedeume e Monfero. Os restos deste vello conxunto etnográfico[24] ocupan a ficha A_091 do Catálogo de Bens Culturais do PXOM do concello de Pontedeume[25], correspondéndolle un nivel de protección Integral.

Como xa dixemos máis arriba a única referencia escrita que atopamos en relación coa antiga ferraría de Caaveiro que aquí tratamos atopámola en Eugenio Larruga (1791). Neste autor lemos "*en la* (parroquia) *de Caabeyro*[26]*, hay otro martinete el cual suele hallarse deteriorado de resulta de la avenidas de agua*". Fernández Merayo (1991) opina deste martinete que dada a proximidade deste tipo de forxas a un núcleo urbano[27] de tamaño considerábel "*podemos supoñer que están*

24. Situado nas coordenadas UTM 572907; 4807204; a 25 m. sobre o nivel do mar e a 500 m da ponte colgante sobre o Eume coñecida como da Cal Grande. Os restos da ferraría sitúanse a uns 3,5 km do mosteiro e uns 7,5 km da vila medieval de Pontedeume.

25. Consultora Galega S.L. Documento de Aprobación Inicial. 2006.

26. Malia que a parroquia de Caaveiro forma parte do Concello d´A Capela, pensamos que o autor se refire ao martinete da freguesía de Ombre (Pontedeume) dado que o propio Fernández Merayo sitúa aquí esta ferraría no río homónimo. No concello capelán a única ferrería documentada levántase no río da Graña, na parroquia de Cabalar, conservando en pé unicamente o seu banzado.

27. Cómpre recordar que unha das principais rúas situadas intramuros da vila de Pontedeume é, xunto á da Peixería e Real, a rúa dos Ferreiros, documentada cando menos desde mediados do século XVIII como Herreros ou Errería (Castro Álvarez; 2005). Xa que logo cabe deducir que a transformación dos lingotes de ferro en útiles diversos ocupaba á meirande parte dos ferreiros que exercían aquí a súa profesión, polo que é posíbel que o principal fornecedor destes profesionais na vila fose o martinete de Caaveiro.

Fotografía de dous foles ou barquíns accionados por medio da forza motriz da auga.

especializadas en clavazón, actividade que tiña moita saída para calquera tipo de construcción ben sexa de barcos ou de casas". A industria da cravazón consistía na fabricación de cravos e ferraxes, materiais que, como queda dito, tiñan unha ampla demanda na vila medieval eumesa[28].

Os martinetes son, no dicir de Fernández Merayo (1991), "*os últimos herdeiros daqueles vellos mazos hidráulicos. Atópanse nas zonas onde retrasou a súa chegada a electricidade ou os ferreiros tiveron a suficiente creatividade para dá-lo paso necesario*". En ocasións foi resultado da transformación do antigo mazo.

O martinete caracterízase por ser, en palabras do mesmo autor, "*unha construcción sinxela e áxil que non dá idea da forza que pode subministrar no golpe e moito menos da súa velocidade de traballo. O novo ferreiro non necesita dunha grande e complexa estrutura; un salto similar ó dun muíño pode suministra-la forza suficiente*". De feito algúns muíños chegaron a converterse en martinetes. Quizais puidese agocharse neste dato a ausencia de mención da ferraría en toda a documentación que até aquí referimos.

28. Neste sentido cómpre lembrar que a ponte desta vila galega estivo levantada, durante moitos séculos, en madeira, polo que até que o señor de Fernando Pérez de Andrade O Boo financiou a construción da ponte de granito no século XIV, os cravos necesarios para a súa reparación foron un material imprescindible. Igualmente a madeira e os cravos foron os materiais protagonistas cando, con posterioridade á súa construción, as cheas do río estragaron en maior ou menor medida a ponte primixenia.

Alzado do Forno do Regato da Ferraría. Debuxo do autor

A implantación da forza motriz hidráulica na siderometalurxia coincide coa implantación deste tipo de establecementos na beira dalgúns ríos, en especial dos situados preto de bosques frondosos e xacementos de mineral próximos. Estamos no século XIII, cando o Mosteiro de Caaveiro recibe as doazóns máis importantes da súa historia. Cómpre recordar que os mosteiros foron os impulsores das grandes transformacións económicas e tecnolóxicas da Galicia medieval, polo que non era estraño que posuísen ferrarías que explotaban de forma directa ou, no seu caso, cedían a un ferreiro a través dun contrato foral.

Imaxe 15. Detalle da porta de acceso ao forno

Detalle do forno ameazado por unha chea invernal do regato

O investigador e enxeñeiro vasco D. Manuel Laborde (1976) en relación coa forma e dimensións dos fornos primitivos: "*tal vez consistían en pequenos fornos de dous ou tres metros de altura, nalgúns casos semisoterrados, cun diámetro aproximado de un metro, nos que mediante capas alternativas de carbón vexetal e mineral en forma de óxido de ferro, alimentados por unha corrente de aire, obtíñase o metal por redución, o aire inxectábase por uns rudimentarios foles compostos de peles de cabra e ovella e cun tubo de cana ou madeira oca.*". O forno que nos ocupa, que sería o pai do alto forno actual, en opinión de Fernández Merayo (1991), aseméllase moito a esta descrición como veremos máis adiante. Este tipo de forno é o propio das siderurxias integrais, conseguindo a separación do ferro do seu mineral e tamén a súa fundición.

A ferraría da Fraga do Eume sitúase sobre o *Regato das Ferrarías*, canle que fai de límite natural entre os concellos de Pontedeume e Monfero. Localizada á beira da estrada asfaltada C-6902, que leva directamente ao mosteiro desde Pontedeume, nesta ferraría fundíase o mineral en lingotes de ferro forxado. "*A masa de ferro ou zamarra que saía do forno era posteriormente estirada en bandas ou barras no mazo, especie de martelo pilón de grandes dimensións*" tal e como describe Caamaño Suárez (2003). Nesta ferraría do Eume non temos constancia precisa da existencia dun mazo ou fragua, pero o máis probábel que a construción do forno estivese acompañada, cando menos, dun pequeno martinete, tal e como refire a cita de Larruga (1791). Por ende, non coñecemos en Galicia exemplo ningún de forno destinado á fundición de mineral de ferro disociado dun mazo ou martinete. Separar fisicamente ambos elementos sería contraditorio e

Vista posterior do forno. En primeiro plano a porción do muro derrubado fotografado no verán

antieconómico. Ademais a localización deste complexo á beira dun regato só se explica pola posibilidade que este ofrecía de dotar de enerxía á tracción mecánica que precisaba o barquín que mantiña vivo o lume dentro do forno, así coma o mazo ou martinete que, con posterioridade, modelaba os lingotes.

O edificio que se conserva en pé no Regato da Ferraría é, como dicimos, un forno ou fornalleira, "*unha construcción moi simple de planta circular na que se realiza a parte química da fundición, reducindo o material de ferro que logo se completaba co mazo*" tal e como apunta Caamaño Suárez (2003). A nosa construcción ten planta circular, cunhas dimensións duns 4 m2 e uns 2,2 m. de altura total. As súas paredes aparecen levantadas en cachotería concertada e unida con argamasa, labrada baixo a modalidade de *opus incertum*, cun grosor considerable, debido á necesidade de manter o forno quente o maior tempo posible. Conta cun único oco de acceso[29], unha pequena porta lixeiramente abucinada que tería por obxecto resgardar a calor producida no interior da fornalleira para facilitar a fundición do mineral. A cuberta do edificio -non sabemos se integral orixinariamente- configúrase a través dunha estrutura cónica formada por fileiras de laxas -lousado- que se aproximan unhas ás outras conforme a teitume gana en altura, tomando a planta do eixo da edificación como referente. Hoxe en día só se conservan dúas das fileiras que conformaron a totalidade da súa cubrición. Na base interior desta construción aínda son visíbeis os restos

29. As súas medidas son 1,45 m. de h e 0,58 m. de anchura.



Detalle da cuberta do forno. Obsérvese a teitume conformada a base de fieiras de lousa

de óxido férrico impregnando boa parte dos muros, sinal inequívoco da existencia de mineral de ferro nas inmediacións[30].

7.- CONCLUSIÓNS

Na Fraga do Eume existen un conxunto de bens de carácter etnográfico de grande valor patrimonial. Xunto a un bo número de muíños, pontes, etc... o contorno do antigo cenobio de Caaveiro mantén en pé un forno ou fornalleira xusto ao pé da desembocadura do Regato das Ferrarías, unha peza arquitectónica que formou parte dunha antiga ferraría ou mazo. Este complexo, a finais do século XVIII, era de modestas dimensións, recibindo no País o nome xenérico de Martinete. En época medieval a documentación que hoxe conservamos testemuña a existencia deste mesmo mazo de forma inequívoca, mais ignoramos cal era a súa proporción e volume.

O forno do Regato das Ferrarías serviu para fundir, con certeza, o mineral que logo transformaron os ferreiros medievais e do Antigo Réxime que traballaban no propio complexo, pero seguramente tamén os da vila de Pontedeume, dando tamén satisfacción ás necesidades do

30. Non esquezamos que a onomástica xa evidencia a abundancia deste mineral na comarca. Os topónimos Ferrol (do latín ferrioulus) ou Monfero (do latín Monte Ferrum) son dous exemplos ben evidentes. Ver Cabeza Quiles, F: . Ed. Xerais. Vigo. 1992.

mosteiro benedictino de Caaveiro, de quen dependeu con seguridade nalgún momento por situarse dentro do seu dominio directo. Con todo, os documentos que até o de agora coñecemos revelan que esta ferraría foi explotada polos condes de Andrade coa desautorización expresa dos monxes, que reclamaron reiteradamente ao rei a súa titularidade.

O martinete situado nos terreos acoutados pola abadía eumesa estivo en uso, probabelmente, mentres esta foi ocupada polos monxes e/ou foi de utilidade para a familia dos Andrade, caendo en desuso despois. As cheas do regato que lle subministraba enerxía motriz fixeron desaparecer o edificio principal, o martinete propiamente dito, deixando en pé unicamente o forno no que se fundía o mineral.

Na actualidade este forno ou fornalleira corre un serio risco de desaparición, tal e como evidencia o derrubamento dunha parte do seu muro, así como da súa cubrición pétrea. O abandono ao que se expón desde hai séculos, xunto co impacto permanente sobre os muros do regato da Ferraría explican a súa situación material actual, lamentábel desde calquera punto de vista, e en grave risco de desaparición física.

A recuperación e estudio desta vella fornalleira pode vir da man metodolóxica do que nos últimos anos se deu en chamar Arqueoloxía Industrial, un termo que viu a luz no ano 1955 da man de Michael Rix, profesor da Universidade británica de Birmingham, inicialmente pensado para concibir e planificar o estudio das formas de produción masiva que teñen a súa xénese na Revolución Industrial.

Con todo a Arqueoloxía Industrial ou historia da tecnoloxía non é outra cousa que unha plataforma de encontro interdisciplinar onde a historia, a arqueoloxía, a socioloxía, a arquitectura, o urbanismo, a xeografía ou a tecnoloxía comparten un mesmo interese: coñecer mellor o modo de produción do pasado a través dos lugares, dispositivos e construcións manufactureiras. De aí que avoguemos pola utilización do seu método, perfectamente compatíbel cos preceptos metodolóxicos da arqueoloxía clásica, en especial da rama procesual ou funcionalista, para o estudio sistemático deste xacemento industrial.

As administracións competentes (os concellos de Pontedeume e Monfero, xunto coa Deputación da Coruña e as consellerías de Medioambiente e Cultura da Xunta de Galicia) deberían tomar conciencia do extraordinario valor patrimonial desta vella ferraría da Fraga do Eume, iniciando os labores de consolidación e restauración urxente dos seus restos materiais, a fin de evitar a súa desaparición. Preservar esta construción é un imperativo legal fixado pola Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia, pero tamén unha obriga moral de todos e todas nós. De conservarmos esta edificación agradecerano as novas xeracións de eumeses, os visitantes da fraga e do mosteiro e, en definitiva, os galegos de nación que, por riba de todo, arelan a conservación do patrimonio cultural de Galicia.

8.- BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

ABRAIRA PÉREZ, Bartolomé Abraira e POL Fernández: *Un aspecto perdido do traballo tradicional do ferro no val do Eo: o mazo hidráulico*. Revista Murguía *nº 10*. 2006

ANDRADE CERNADAS, José A.: *Monxes e mosteiros na Galicia medieval.* Ed. USC. Biblioteca de Divulgación. Santiago de Compostela. 1995.

CAAMAÑO, Manuel: *As construccións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. Ed. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos; 2003.

CASTIÑEIRAS, Manuel A.: *Os traballos e os días na Galicia medieval.* Ed. USC. Biblioteca de Divulgación. Santiago de Compostela. 1995.

COUCEIRO FREIJOLMIL, A: *Historia de Puentedeume y su comarca*. Editorial Compostela. 1944.

FERNÁNDEZ MERAYO, Justino: *Forxas hidráulicas, mazos ou machucos no norte galego : arquitectura, síntese histórica, e análise do artiluxio mecánico*; Sada (A Coruña) : Edic. do Castro, D.L. 1991

GOY DIZ, Ana: *Artistas, talleres e Gremios en Galicia (1600-1650)*; Ed. USC. Biblioteca de Divulgación. Santiago de Compostela. 1998.

LABORDE WERLINDEN, Manuel: *Ferrones*. En Euskaldunak-La etnia vasca.- Etor.- San Sebastián, 1976.

LARRUGA, Eugenio: *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España, con inclusión de los reales decretos, órdenes, cédulas, aranceles y ordenanzas expedidas para su gobierno y fomento*. 1791. Ed. Gobierno de Aragón. Zaragoza. 1995.

LOURENZO, Xaquín: *Os oficios.* Ed. Galaxia. Vigo. 2002.

MADOZ, Pascual: *Diccionario Geográfico-Estadístico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid. 1849.

MARTÍNEZ BARBEITO, C: *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. Deputación da Coruña. A Coruña. 1978.

PALLARES MÉNDEZ, Mª C: *El monasterio de Sobrado: un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia medieval*; A Coruña; 1979.

PALLARES MÉNDEZ, Mª C e PORTELA SILVA, E: *De Galicia en la Edad Media: Sociedad, espacio y poder*; Santiago; 1993.

AAVV: *Mosteiros e conventos de Galicia*; Xunta de Galicia. Servizo Central. Santiago de Compostela. 2002.

AAVV: *Geografía General del Reino de Galicia.* Dir. Carreras y Candi. Ed. Ediciones Gallegas. A Coruña. 1980.

AAVV: *Revista Cátedra*. Varios números.

Agradecementos

A Miguel Barreiro e Gabriel Guntín, pola súa xenerosa colaboración na realización deste traballo. A Alexandre Caínzos, incansábel promotor cultural da comarca do Eume.